

# Arte románica. Santiago de Compostela



Claustro

Torre do  
reloxio ou  
Berenguela

Portada sur, Praterías (páxs. 154-155 do libro)

## **Características xerais da escultura románica**

- Escultura en pedra
- adaptada ao marco arquitectónico
- monumental
- traballada en forma de relevo, cun modelado bastante plano
- esquemática
- con xerarquización de tamaño. Isocefalia
- antinaturalista
- con tendencia á simetría, a rixidez e *horror vacui*
- marcada función didáctica, polo que se localiza sobre todo nas portadas
- marcado compoñente simbólico, onde os valores expresivos priman sobre os formais.

## **Valores estéticos: expresividade, antinaturalismo, simbolismo.**

- Non existen os criterios de proporción, medida e beleza.
- Deformación das imaxes buscando a expresividade e o simbolismo mediante a esaxeración das formas: corpos desproporcionados, ollos, mans e pés agrandados, pernas entrecruzadas. Figuras estiradas ou reducidas, aplanadas e acurtadas, adaptándose ao marco: antinaturalismo.
- Relación do tamaño das figuras co rango ou xerarquía espiritual do representado.
- Ausencia de volume e corporeidade.
- Ausencia da representación do espazo.
- Frontalidade. Hieratismo. Rixidez.
- Ao artista impórtalle máis a representación concisa dunha historia, dentro do espazo dispoñible, cas proporcións.
- Isocefalia.
- Concepción do corpo a través de figuras xeométricas, e liñas.
- Composicións simétricas.

En Praterías colocáronse pezas diversas que proviñan doutras partes da catedral que foran desmontadas

Dibujo 1. Fachada de Platerías


Lastras de las Tentaciones de Cristo

Restos del primitivo Apostolado-friso

Relieves de la Transfiguración del siglo XII


Piezas procedentes de la primitiva *porta frons-gotta*

Dibujo: Begoña Fernández.



## • Organización da Fachada de Praterías

- 
- É a fachada do brazo sur do cruceiro
- De primeiros anos do séc. XII
- **Partes (de abaixo arriba):**
  1. Dobre porta abucinada
  2. Friso cheo de figuras colocadas cun certo desorde, algunhas da antiga portada de Acibecheira
  3. Cornixa con canzorros
  4. 2 Vans con arcos lobulados
- Outras figuras e relevos decoran, tímpanos, columnas e contrafortes laterais
- Tema: natureza humana e divina de Cristo
- Autores:
  - Mestre Estebo
  - Mestre da Traizón
  - Mestre do Cordeiro



## 1. Dobre porta abucinada

**Dúas arcadas** abucinadas: 3 arquivoltas lisas de medio punto


Separadas por un gran **piar con columniñas encostadas**, 3 a cada lado e 5 no centro, con capiteis de tipo vexetal e un alto podio. As 2 dos extremos e a central son de mármore e historiadas con relevos (figuras baixo arco de tradición bizantina). As demais alternas fustes lisos e retorcidos

**Xambas**, hai algunhas esculturas encostadas: na xamba da dereita figura de muller e león e debaixo muller e galo

Nos **contrafortes** laterais hai 3 figuras a cada lado:

Á esquerda e de arriba abaixo: Cristo bendicindo, creación de Adán, David

Á dereita: creación de Eva, Pantocrátor, sacrificio de Issaac.



## 1. Dobre porta abucinada

- Tímpano da dereita: natureza humana de Cristo
- Autor: mestre da Traizón


### Temas:

#### ■ Arriba

- Epifanía: Anuncio aos pastores, adoración dos Magos, Anxos

#### ■ Abaixo

- Paixón de Cristo: prendemento, Cireneo, flaxelación e coroación de espiñas
- Curación do cego
- Autor:
  - Mestre da Traizón.



# 1. Dobre porta abucinada


## Tímpano da esquerda: natureza divina de Cristo



Demos



Adúltera ou  
Eva



• Autor: Mestre Esteban

Temas:

- Tentacións de Cristo no deserto
- Muller adúltera
- Outras pezas engadidas en desorde

## 2. Friso con figuras

Friso, conxunto desordenado de figuras, en mármore e granito. Destacamos as seguintes:

**Eixo central**, de arriba abaixo: Cristo bendicindo, home saíndo dun sartego rodeado por dous anxos con trompetas, pequena figura, Crismón, dous leóns enfrontados.

**Á esquerda**: varios apóstolos, anxo cun leon aos pés, centauro (Saxitario?), expulsión do Paraiso. Anxo trompeteiro.

**Á dereita**: 6 figuriñas de nenos (do coro do mestre Mateo), apóstolos, virxe do leite, serea cun peixe na man (Piscis?). Anxo trompeteiro





4. Dobre van abucinado e con arcos lobulados

3. Cornixa sobre canzorros, entre os que, a xeito de métopas, vai decoración de tipo floral en círculos



## **Tres mestres diferentes traballaron en Praterías:**

**Mestre Estebo, ao que se lle atribúen: A creación de Adán, o Rei David, A adúltera (ou Eva) e xoven sobre un león.**

**Mestre da Traizón, quen realiza o tímpano dereito (o seu nome ven da escena do prendemento, “traizón” de Xudas). Varios apóstolos do friso (arriba á esquerda), anxos con trompetas, Maxestade do contraforte oriental.**

**Mestre do Cordeiro, (xa que traballou na Porta do Cordeiro de San Isidoro de León) que realiza: Pantocrátor, colocado actualmente sobre a escultura de David e a expulsión do Paraíso.**

# Obras do mestre Estebo, o de maior calidade e personalidade

## •Características:

- Faciais: ollos avultados, meixelas inchadas, labios carnosos
- Cabelo: desordenado, rítmico, mechóns ondulados e rematando en puntas.
- Anatomía realista resaltando: tibias, nocelos e pulsos. Torsos e pernas robustas.
- Roupaxes: pregas formando ondas paralelas, en U (recordan panos mollados).



Creación de Adán




Muller adúltera



O Rei David

- **Mestre da Traizón, tímpano dereito**



- **Características:**

- **semellanzas con Estebo: tende ao vulto redondo e o tallado do cabelo**

- **Diferenzas:**

- **predomina o narrativo**

- **Faciais: ollos de pupilas escavadas, bigotes cara arriba.**


- **as pregas das roupaxes: grosas e cilíndricas.**



# Mestre do Cordeiro



Expulsión do Paraíso



Pantocrátor

## •Características:

- volumes xeométricos
- anatomías monótonas
- rostros inexpressivos
- ollos redondeados e avultados, cabelos semellantes aos de Estebo.